Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 20 DE NOVEMBRO DE 2026 | VIERNES, 20 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 223

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CURTIS

Aprobación do padrón fiscal do 3º trimestre de 2026 da taxa pola prestación dos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento de auga

Mediante Decreto da Alcaldía n.º 827/2026 de 16/11/26, aprobouse o padrón fiscal da taxa pola prestación dos servizos municipais de saneamento, depuración e abastecemento de auga correspondente ao terceiro trimestre de 2026 que deseguido se transcribe:

"(...)

SEGUNDO.- Expoñer ó público o padrón de usuarios do terceiro trimestre de 2026, polo prazo dun mes dende a publicación deste acordo por un importe de 338.333,05 € (285.937,24 € s/canon).

Esta exposición servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

TERCEIRO.- Contra o padrón de usuarios todos os interesados poderán interpor recurso de reposición segundo o disposto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao remate da exposición ao público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa-administrativa. Tamén poderá interpor calquera outro recurso que estime conveniente.

CUARTO.- O pagamento farase efectivo nas entidades financeiras colaboradoras no prazo dun mes dende a publicación deste acordo no BOP, considerándose a este o período voluntario de ingreso. Transcorrido o prazo voluntario de ingreso iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de constrinximento, cun recargo de prema reducido do 10 por cento, ou, no seu caso, o recargo de prema ordinario do 20 por centro e os correspondentes intereses de demora.

Non obstante, o recargo será do 5 por cento e non se esixirán xuros de mora se a débeda se paga antes de recibir a notificación de providencia de constrinximento.

QUINTO.- Advírtese ós contribuíntes de que a falta de pago no período voluntario sinalada suprá a esixencia do canon da auga directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, indícase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Curtis, 17 de novembro de 2026

O alcalde,

Javier Francisco Caínzos Vázquez

2026/7558

Número de anuncio 2026/7558